



MODELO FROITÍCOLA	CS2
ESPECIE:	<i>Castanea sativa</i> Miller (altitude >550 m.) ou <i>Castanea x hybrida</i> enxertada (altitudes menores)
OBXECTIVO:	Produción froiteira en novas plantacións.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN:	
<p>Todos os distritos forestais. Preferentemente aqueles que coincidan coa indicación xeográfica protexida castaña de Galicia, na actualidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Todos os da provincia de Ourense.</li> <li>• Todos os da provincia de Lugo agás os termos municipais do Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros e Ribadeo pertencentes ao Distrito VI.</li> <li>• Na provincia de Pontevedra o Distrito XVI e os termos municipais de Cotobade, A Lama, Campo Lameiro e Cuntis pertencentes ao Distrito XIX.</li> <li>• Na provincia da Coruña os termos municipais de Boimorto, Melide, Santiso, Sobrado, Toques e Arzúa pertencentes ao Distrito III.</li> </ul>	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	<p>Plantacións para froito: 50-100 pés/ha (10 x 10 m a 14 x 14 m), sendo admisible baixar ata 7 x 7 m en áreas de montaña máis setentrionais. Material de calidade xenética e morfolóxica, patrón (usualmente híbrido) enxertado con púa (<i>C. sativa</i>) de variedade de alta calidade para froito (aconsellable monovarietal ou bivarietal con polinizadores).</p> <p>Patrón: Usar material cualificado ou controlado no caso de clons híbridos de castiñeiro dos campos de plantas nai rexistrados.</p> <p>Para altitudes menores de 550 m obrigado uso de castiñeiro híbrido (resistencia fronte a tinta). Altitudes maiores aconsellable castiñeiro silvestre.</p> <p>Recomendable rega e preparación de alcorques. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.</p>
Variedades	<p>Púa: As variedades recomendables de <i>C. sativa</i> a enxertar no caso de que o patrón sexa un híbrido ou directamente no caso de plantas de castiñeiro silvestre son: "Amarelante", "Famosa", "Garrida", "Longal", "De Parede", "Ventura" e "Xudía", así como as de boa aptitude como polinizador: "Negral", "Piconá", "Serodia" e "Rapada".</p>
Mantementos	<p>Reposición de marras e roza total os dous primeiros anos. Mecanizado entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico consonte lexislación. Aconsellable rego e abono de liberación gradual (2-3 pastillas por planta 4/14/14 + 10CaO), así como granulado, tamén de liberación gradual (50 gr/planta 11/22/9 + 6MgO), ou mesmo a combinación de 100 gr/planta de P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> e 40 gr/planta de K<sub>2</sub>O en forma de fosfatos naturais e sulfato potásico, respectivamente.</p>





<b>TRATAMENTOS SILVÍCOLAS</b>	
Podas	<p>Podas de formación buscando formar fuste con moitas polas, con ampla copa. A comezar aos 7-9 anos, e continuar cada 5 ou 6 anos ata conseguir obter unha cruz baixa entre 3-6 m e unha copa moi aberta cunha grande ramificación.</p> <p>Grande importancia nas medidas de prevención fitosanitaria. Practicar no verán (aconsellable mes de xullo).</p> <p>Necesaria desinfección minuciosa das ferramentas de poda e selado tras o corte.</p>
Desmestas	-
Rareas	-

